

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 19 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade a unha segunda relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2010.

Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro

Convenio	Importe €	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vimianzo (A Coruña) para a realización das obras de acondicionamento dun espazo público	15.000 €	1-9-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense) para realización das obras de acondicionamento do edificio da antiga Escola Municipal	30.000 €	1-9-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro (Cogave), para apoiar financeiramente o funcionamento da entidade	20.000 €	1-9-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Edicións El Correo, S.A.U. (El Correo Gallego), para difusión entre a cidadanía e a sociedade en xeral da información relativa ás entidades municipais galegas	25.000 €	6-10-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pontedeume, para realización das obras de rehabilitación do edificio que alberga a casa do concello	70.000 €	30-10-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Toén en materia de protección civil e a adquisición e utilización dun vehículo todo terreo unidade de intervención en emerxencias e salvamento para o servizo municipal de Emerxencias e Protección Civil	39.000 €	6-11-2009

Convenio	Importe €	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Baiona para equipamento das dependencias municipais	14.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pantón para obras de rehabilitación na casa o concello	9.112 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo para a instalación de calefacción nas dependencias municipais	15.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdido para o equipamento de dependencias municipais	6.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Meaño para a execución da obra do parque infantil	13.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mesía para o equipamento da casa do concello	20.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello do Páramo para o equipamento do edificio multiusos	17.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Brión para o equipamento da casa do concello	25.000 €	27-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Bispo de Lugo para a execución dun proxecto de rehabilitación da igrexa parroquial de Santa María de Novela, Concello de Santiso	20.000 €	4-12-2009

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 8 de xaneiro de 2010 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2010.

Os plans de formación do profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia perseguen, como obxectivos xerais, mellorar a competencia profesional do profesorado, fomentar a reflexión crítica sobre a súa actividade cotiá e crear actitudes proclives á investigación e á experimentación educativa.

Coa finalidade de facilitar a participación do profesorado en actividades de formación que contribúan á consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria organiza distintas actividades de formación orientadas a conxugar as necesidades derivadas do propio sistema educativo coas demandas xurdidas do mesmo profesorado.

Malia o anterior, a especificidade dalgunhas actividades de formación, ou as características especiais que a súa realización exige, desaconsella a súa organización pola propia consellería ou polos centros de formación e recursos dependentes dela, sen que iso poida supoñer a imposibilidade para o profesorado de asistir a este tipo de actividades, e que, de non facilitarse a dita opción,

suporía discriminar o profesorado afectado por tales circunstancias.

É por iso polo que procede establecer un sistema que permita o reintegro, cando menos parcial, dos gastos orixinados pola asistencia a este tipo de actividades de formación do profesorado.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Establecer o procedemento para o reintegro individual de gastos derivados de asistencia a actividades de formación non organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou os centros de formación e recursos dela dependentes que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto do territorio español, ou no estranxeiro, e que comecen entre os días 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

2. Para facilitar a distribución do orzamento ao longo do ano estableceranse dúas quendas. A primeira abranquará as actividades que comecen entre os días 1 de xaneiro e 30 de xuño de 2010, e terá unha dotación orzamentaria de 42.500 euros. A segunda será para actividades que comecen entre os días 1 de xullo e 31 de decembro de 2010 e terá unha dotación orzamentaria de 42.500 euros. No caso de que o orzamento dedicado á primeira quenda non se esgotase, pasará a incrementar o orzamento da segunda quenda.

3. En ningún caso se concederán reintegros para a asistencia a actividades de formación de carácter regrado conducentes á obtención dun título, así como para actividades de formación inherentes a estudos regrados.

4. Os reintegros individuais financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.4221.640.1. Unha vez repartidas as devanditas contías, as solicitudes de reintegro serán automaticamente denegadas por ter esgotado o orzamento.

5. En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Segundo.

1. Poderán solicitar os devanditos reintegros os profesores e profesoras de niveis non-universitarios con destino en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en equipos de orientación específicos, os profesores e profesoras adscritos ás estruturas de formación do profesorado, así como os membros da Inspección Educativa dependentes desta comunidade autónoma, e sempre que para a asistencia á mesma actividade non perciban axudas de ningún tipo e que non recibisen reintegros

individuais nas dúas últimas convocatorias (anos 2008 e 2009).

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Terceiro.-Os reintegros concederanse para actividades de formación, cursos, xornadas, encontros, conferencias, congresos e outras análogas, directamente relacionadas coa disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparta o solicitante, e segundo os seguintes tipos e límites que se indican:

Tipo I, na Comunidade Autónoma de Galicia, ata un máximo de 300 euros.

Tipo II, no resto do territorio español, ata un máximo de 510 euros.

Tipo III, no estranxeiro, ata un máximo de 1.021 euros.

Cuarto.

1. As persoas interesadas deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da que dependan, directamente ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo menos 20 días naturais antes do comezo da actividade para a que solicitan o oportuno reintegro.

Para as actividades que comecen antes da publicación desta orde ou para aquelas nas que non exista o prazo de vinte días naturais entre a publicación da orde e o comezo da actividade, o prazo de solicitude rematará o vixésimo día natural, contado a partir do seguinte día da publicación desta orde.

2. Á solicitude engadiráselle a seguinte documentación:

a) Orixinal ou fotocopia da convocatoria da actividade para a que se solicita o reintegro.

b) Certificación da dirección do centro na cal se xustifique que a persoa solicitante exerce actualmente nel e se especifique a disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparte. A dita certificación substituirase por outra expedida polo servizo de inspección correspondente no caso de que a persoa solicitante estea destinada nunha escola unitaria.

c) Orzamento dos gastos de matrícula e desprazamento exclusivamente. En ningún caso se farán constar gastos de mantenza e aloxamento.

d) Breve explicación dos motivos polos que se desexa asistir á actividade e repercusión da asistencia a esta na súa función docente.

e) Declaración xurada de non ter recibido reintegro individual nas dúas últimas convocatorias (anos 2008 e 2009), así como de non percibir outro tipo de axuda para a mesma actividade.

f) Certificación bancaria do número de conta a nome do solicitante.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a xefatura territorial correspondente requirirá a aquelas persoas solicitantes que non acheguen os requisitos anteriormente sinalados, para que, nun prazo de dez días, emenden as faltas ou xunten os documentos preceptivos; de non o faceren, considerarase que desistiron da súa petición e arquívase o expediente.

Quinto.-As xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa maior brevidade, e sempre dentro dos 10 días seguintes ao da súa recepción, remitiranlle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa os expedientes de solicitude co informe da Inspección Educativa e a súa proposta, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde.

Sexto.

1. O reintegro concederase de forma individual e a súa contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios: o centro en que estea destinada a persoa candidata no momento de cursar a instancia, as características da actividade, o lugar de realización, os gastos de inscrición e a adecuación ao nivel de docencia ou especialización que imparta a persoa solicitante. En todo caso, terán preferencia aquelas persoas solicitantes que nunca obtiveron reintegro individual.

2. A comprobación dos requisitos da solicitude para a concesión de reintegros será estimada por unha comisión que estará integrada por:

Presidente: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

Vogais:

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-Unha persoa adscrita ao Servizo de Formación do Profesorado.

-Unha persoa adscrita á Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Unha persoa adscrita á Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, que realizará as funcións de secretaría.

3. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á vista da proposta da devandita comisión, resolverá a concesión ou denegación do reintegro solicitado.

Sétimo.

1. A concesión ou denegación do reintegro seralle notificada directamente á persoa interesada, mediante

resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada, perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concurrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á revogación ou modificación da resolución da concesión.

3. As solicitudes entenderanse desestimadas de non existir resolución expresa no prazo de tres meses, contados a partir da data de entrada no rexistro xeral da solicitude do reintegro individual.

Oitavo.-Para a tramitación do pagamento, nos dez días seguintes á recepción da notificación da axuda outorgada, o beneficiario deberá remitir á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a seguinte documentación:

a) Breve memoria con informe crítico da actividade desenvolvida.

b) Documento orixinal que xustifique o pagamento da matrícula ou inscrición na actividade e que especifique o importe do gasto realizado.

c) Xustificación dos gastos de desprazamento, segundo corresponda (billete de avión, de tren, factura de axencia ou declaración xurada de ter realizado o desprazamento en vehículo propio), tal como se establece no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño). Todo iso en documentos orixinais.

d) Fotocopia debidamente compulsada do certificado de asistencia, expedido pola entidade organizadora. No caso daquelas actividades que rematen no exercicio 2011, o aboamento do reintegro realizarase unha vez rematada e xustificada a actividade.

e) Declaración xurada de non ter percibido nin solicitado outro tipo de achega para a mesma actividade.

Noveno.-Unha vez concedida a totalidade dos reintegros, publicarase no DOG a relación das persoas beneficiarias desta convocatoria, sen prexuízo de facelo na páxina web desta consellería.

Décimo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



PROCEDEMENTO REINTEGROS INDIVIDUAIS PARA A FORMACIÓN DO PROFESORADO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED303A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO DA ACTIVIDADE	
LUGAR DE REALIZACIÓN	DATA DE REALIZACIÓN

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
-----------------	-----------------	-------------------	-----------------------

DATOS PROFESIONAIS DO/A SOLICITANTE

NIVEL INFANTIL-PRIMARIA <input type="checkbox"/> ED. INFANTIL <input type="checkbox"/> 1º CICLO <input type="checkbox"/> 2º CICLO <input type="checkbox"/> 3º CICLO		NIVEL SECUNDARIA <input type="checkbox"/> COU <input type="checkbox"/> ESC. ARTE <input type="checkbox"/> CONSERVAT. <input type="checkbox"/> EOI <input type="checkbox"/> BACHARELATO <input type="checkbox"/> ESO <input type="checkbox"/> CICLOS FORMATIVOS	
ÁREAS QUE IMPARTE NESTE CURSO		DISCIPLINA / CICLO FORMATIVO	
ESPECIALIDADES QUE POSÚE		MATERIAS QUE IMPARTE NESTE CURSO	
N.R.P.	ANOS DE DOCENCIA	NOME DO CENTRO ONDE EXERCE	
ENDEREZO DO CENTRO			TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
¿PARTICIPA NALGÚN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		PERTENCE A UN SEMINARIO PERMANENTE OU A UN GRUPO DE TRABALLO? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
TÍTULO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN OU INNOVACIÓN EN QUE PARTICIPA			
TÍTULO DO SEMINARIO OU GRUPO DE TRABALLO A QUE PERTENCE			
ESTÁ NUN CENTRO QUE SOLICITOU PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE FORMACIÓN EN CENTROS?			
TÍTULO DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ÁS QUE ASISTIU NO ÚLTIMO CURSO ACADÉMICO			
TIPO DE REINTEGRO (I, II, III)	CUSTO DA INSCRIPCIÓN E ENSINO	CUSTO DE DESPRAZAMENTO	CANTIDADE SOLICITADA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 8 de xaneiro de 2010 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2010.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

En

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

REVISADO E CONFORME

Xefe/a territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en

ANEXO II

MODELO DE INFORME PARA A CONCESIÓN DO REINTEGRO INDIVIDUAL TIPO I, II, III. ANO 2010

Vista a solicitude de reintegro individual de tipo formulada por:

Don/Dona pertencente ao
 corpo de , con DNI
 destinado no centro
 provincia , localidade

Esta xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez solicitados os informes oportunos, emite informe ⁽¹⁾ tendo en conta os seguintes motivos:

E propón que lle sexa ⁽²⁾

En ,

O/A xefe/a territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

(1) Favorable/desfavorable

(2) Concedida/denegada

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Orde do 1 de febreiro de 2010 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2008-2009, convocados pola Orde do 19 de outubro de 2009.

A Orde do 19 de outubro de 2009 (DOG do 22 de outubro) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2008-2009, establece no seu artigo 10.2º que o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal ao conselleiro de Educación e Ordenación Uni-

versitaria, quen emitirá a resolución correspondente para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicada a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este conselleiro

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento